

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/16	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	2 de novembro de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 20:38 ata as 21:48 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	José Carlos López Campos
<b>Secretaria</b>	María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	NON
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ



	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	M <sup>ª</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 19 DE OUTUBRO DE 2023

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 19 de outubro de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### Expediente 782/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE INCLUSIÓN DO LUGAR DE VISTA ALEGRE DA PARROQUIA DE OCA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de Organización, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que, ante a intención dun veciño de empadroarse no lugar de Vista Alegre da parroquia de Oca, observouse que este lugar non figuraba no padrón municipal de habitantes nin no censo electoral, por tal motivo iniciouse un procedemento ao abeiro do



Decreto 219/1998, de 2 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra. Despois notificouse a intención de dar de alta no padrón municipal este lugar, non habendo ningunha alegación ao respecto, polo que o paso seguinte é adoptar o acordo da inclusión do lugar de Vista Alegre da parroquia de Oca no padrón municipal e a aprobación da memoria técnica redactada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jorge Couceiro Dorelle, coa nova numeración que nela se inclúe dos lugares de Vista Alegre e O Outeiro, así como dar traslado deste acordo a toda a veciñanza afectada e ao Instituto Nacional de Estatística.

Toma a palabra a concelleira do grupo do PSdeG-PSOE, **Dna. Amalia Lago Durán**, quen di que ao existir solicitude, soporte legal e a conformidade dos veciños e veciñas, o seu grupo votará a favor desta proposta.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o escrito presentado por D. José Manuel Maceira Caldelas con data 19/02/2020 (2020-E-RC-1641), no que manifesta que intentou empadroarse no lugar de Vista Alegre, parroquia de Oca, pero que o mesmo non figura no Padrón Municipal de Habitantes, así como no Censo Electoral.

Visto que o indicado lugar si figura no Plan Xeral de Ordenación Municipal, así como no Decreto 219/1998, de 2 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra.

Visto que no Padrón Municipal de Habitantes os veciños e veciñas de Vista Alegre aparecen empadroados e empadroadas no lugar do Outeiro.

Visto o informe elaborado e asinado con data 16/12/2020 polo arquitecto técnico municipal D. Daniel Órrea Corral.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 22/07/2022.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal con data 27/07/2022.

Vistas as notificacións practicadas a todos os veciños e veciñas dos indicados lugares aos efectos de comunicarlles o inicio do expediente para a creación do lugar de Vista Alegre no Padrón Municipal de Habitantes, así como a renumeración das súas vivendas.

Visto que, segundo informe do Rexistro Central deste Concello, o documento de delimitación do lugar de Vista Alegre na parroquia de Oca (Renumeración ou cambio de Denominación) estivo exposto ao público dende o 10 ao 31 de outubro de 2022 (ambos os dous días incluídos), durante o cal tan só presentou escrito de





aceptación e conformidade D. José Antonio Brey Oca.

Vista a Memoria técnica elaborada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jorge Couceiro Dorelle con data 15/03/2023.

Visto o resto da documentación que consta no respectivo expediente.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 25/10/2023

E, á vista do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Aprobar a inclusión do lugar de Vista Alegre da parroquia Oca no Padrón Municipal de Habitantes.

**Segundo.-** Aprobar a memoria técnica redactada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jorge Couceiro Dorelle, coa nova numeración que nela se inclúe dos lugares de Vista Alegre e O Outeiro.

**Terceiro.-** Dar traslado deste acordo a toda a veciñanza afectada e ao Instituto Nacional de Estatística.

**Expediente 6612/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DO PORTAL Nº 2 DA RÚA 68 COA CORRESPONDENTE MODIFICACIÓN DO EMPADROAMENTO DAS PERSOAS AFECTADAS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o concelleiro delegado de Organización, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que estamos ante a corrección dun erro existente na planimetría ao non existir a rúa 68, polo que procede á corrección da mesma engadindo a rúa 68 (figurando erroneamente co nº 78), recoñecer o número 2 da rúa 68 ao portal de acceso ao edificio sito na esquina da Avda. Fernando Conde nº 82-84 coa indicada rúa e modificar o empadramento dos veciños e veciñas que figuran na Avda. Fernando Conde nº 84 (por non corresponder esta numeración co portal de acceso ao edificio) pasando á rúa 68, número 2.

Intervén a concelleira do grupo do PSdeG-PSOE, **Dna. Amalia Lago Durán**, para trasladar o voto a favor do seu grupo por haber informe favorable.



Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista licenza de obras nº 39/2000 mediante a que se concedía a Promotora Técnica Estradense S.L. autorización para a construción de dous edificios nas esquinas das rúas Avda. Fernando Conde coa rúa 68 (erroneamente figura rúa 78).

Visto que os veciños que teñen entrada ás súas vivendas pola rúa 68 figuran empadroados erróneamente na Avda. Fernando Conde, 84.

Visto o escrito presentado pola Comunidade de Veciños do indicado edificio, acompañado de certificación de asemblea realizada ao efecto, no que solicitan a inclusión na rúa 68, tal e como figura na escritura de propiedade das súas vivendas.

Visto que, efectivamente, na planimetría obrante no Departamento de Estatística figura a rúa 68 no lugar indicado polos solicitantes, polo que ao portal de acceso ao edificio pola indicada rúa lle correspondería o número 2.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 25/10/2023.

E, á vista do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Recoñecer o número 2 da rúa 68 ao portal de acceso ao edificio sito na esquina da Avda. Fernando Conde nº 82-84 coa indicada rúa.

**Segundo.-** Modificar o empadroamento dos veciños e veciñas que figuran na Avda. Fernando Conde nº 84 (por non corresponder esta numeración co portal de acceso ao edificio) pasando á rúa 68, número 2.

**Terceiro.-** Dar traslado deste acordo á veciñanza afectada e ao Instituto Nacional de Estatística.

**Expediente 5247/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN QUE SE INICIEN OS TRÁMITES PERTINENTE PARA A DECLARACIÓN DA PONTE DO REGUEIRO COMO LUGAR DE MEMORIA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Ao tratarse dunha moción presentada polo grupo do BNG se lle concede a palabra ao seu





voceiro, **D. Xoán Reyes Villar**, quen pasa a presentar a súa moción dicindo que o fascismo, como movemento social heterófono, apoloxético da violencia e defensor da supremacía dun grupo humano sobre os demais, provocou na Europa unha catástrofe humanitaria froito da guerra, represión e xenocidio que fixo que o noso continente tomara conciencia da necesidade de políticas públicas de memoria co obxectivo de resarcir ás vítimas e de previr que volva suceder algo semellante. Neste sentido xeneralizáronse, en todos os países, actuacións enmarcadas nunha doutrina de dereito internacional humanitario que se foi consolidando e que se resume en catro mandatos que deben cumprir as administracións: Verdade, Xustiza, Reparación e Garantías de non repetición.

Sinala que en resolución 39 (I) da Asemblea Xeral da ONU sobre a “cuestión española” declarou o franquismo como de carácter fascista en orixe, natureza, estrutura e conduta xeral, que non representaba ao pobo español, ao que foi imposto pola forza coa axuda das potencias do Eixo.

Precisamente este organismo internacional foi promovendo unha serie de acordos que teñen como base a Carta das Nacións Unidas, a Declaración Universal de Dereitos Humanos, o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, os Convenios de Xenebra do 12 de agosto de 1949 e os seus Protocolos adicionais do 8 de xuño de 1977. Promovendo, así mesmo, outros instrumentos de dereito internacional humanitario como son a Declaración e o Programa de Acción de Viena, Lembrando o Conxunto de principios para a protección e a promoción dos dereitos humanos mediante a loita contra a impiedade, así como a versión actualizada deses principios, lembrando tamén a resolución 60/147 da Asemblea Xeral, do 16 de decembro de 2005, relativa aos Principios e directrices básicos sobre o dereito das vítimas de violacións manifestas das normas internacionais de dereitos humanos e de violacións graves do dereito internacional humanitario a interpoñer recursos e obter reparacións, Lembrando ademais as resolucións da Comisión de Dereitos Humanos 2005/70, do 20 de abril de 2005, sobre os dereitos humanos e a xustiza de transición, 2005/81, do 21 de abril de 2005, sobre a impiedade, e 2005/66, do 20 de abril de 2005, sobre o dereito á verdade, así como as resolucións do Consello de Dereitos Humanos 12/11, do 1º de outubro de 2009, sobre os dereitos humanos e a xustiza de transición, 9/11, do 18 de setembro de 2008, e 12/12, do 1º de outubro de 2009, sobre o dereito á verdade, e 10/26, do 27 de marzo de 2009, e 15/5, do 29 de setembro de 2010, sobre a xenética forense e os dereitos humanos, e as decisións do Consello 2/105, do 27 de novembro de 2006, sobre o dereito á verdade, e 4/102, do 23 de marzo de 2007, sobre a xustiza de transición, Lembrando a Convención Internacional para a protección de todas as persoas contra as desaparicións forzadas, aprobada pola Asemblea Xeral na súa resolución 61/177, do 20 de decembro de 2006,





en cuxo artigo 24, parágrafo 2, se recoñece o dereito de toda vítima a coñecer a verdade sobre as circunstancias da desaparición forzada, a marcha e os resultados das investigacións e a sorte da persoa desaparecida e, se establecen as obrigacións do Estado parte, que deberá tomar as medidas adecuadas a ese respecto, e en cuxo preámbulo se reafirma o dereito á liberdade de buscar, recibir e difundir informacións a este fin,

Lembra tamén o informe do Secretario Xeral sobre o estado de dereito e a xustiza de transición nas sociedades que sofren ou sufriron conflitos, en particular as recomendacións pertinentes que nel figuran, así como o informe do Secretario Xeral titulado "Axuntar as nosas forzas para fortalecer o apoio das Nacións Unidas ao Estado de Dereito".

Continúa dicindo que, observando con aprecio o activo labor realizado polas Nacións Unidas, en particular pola Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, ao prestar asistencia aos Estados para dar resposta ás violacións manifestas dos dereitos humanos e ás violacións graves do dereito internacional humanitario, en cooperación cos Estados e a solicitude destes.

Lembra as súas resolucións 5/1, sobre a construción institucional do Consello, e 5/2, sobre o Código de conduta para os titulares de mandatos dos procedementos especiais do Consello, do 18 de xuño de 2007, e destacando que os titulares de mandatos deben desempeñar as súas funcións de conformidade con esas resolucións e cos seus anexos, Lembrando finalmente a resolución 60/251 da Asemblea Xeral, do 15 de marzo de 2006, no que se establece o procedemento especial sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición que deben aplicarse a violacións manifestas dos dereitos humanos e violacións graves do dereito internacional humanitario.

Tendo en conta tamén a condena as violacións dos dereitos humanos durante a Guerra e a durísima represión da posguerra e a ditadura franquista no informe da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, adoptado en París o 17 de marzo de 2006, o Estado Español aproba a lei 52/2007, de 26 de decembro, que tentaba dar resposta á necesidade de harmonizar a súa lexislación con todas estas directrices, convenios, recomendacións e declaracións do Consello de Europa, dos Organismos Internacionais humanitarios e atender as demandas sociais. Mais dita lei resultou insuficiente, como quedaría en evidencia, xa que moitas das medidas quedaban a vontade de quen ocupara as institucións.

Fai referencia ao caso do seu artigo 15 no que se indica a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Neste sentido os organismos internacionais apelaron insistentemente ao Estado Español a que actualizara o seu marco legal en sintonía con eses principios de dereito humanitario universal. Así, no informe de 2014 o



relator especial das Nacións Unidas para a verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición, Pablo de Greiff, sinalou unha serie de graves deficiencias que urxiu a corraxir co obxectivo de asumir as responsabilidades necesarias da Administración.

Di que a Lei 20/2022, de 19 de outubro, tenta dar contestación a esa situación de exclusión do Estado Español do consenso internacional no dereito humanitario, mellorando algúns aspectos substanciais da lexislación de 2007, e aínda que tamén ten deficiencias, si que avanza de xeito considerable na dirección correcta. En termos xerais, no conxunto do Estado apreciamos progresos nesta materia que son de valorar. Mais, no espazo local aínda nos atopamos na fase previa a retirar rótulos de exalzamento do franquismo, con situacións como que teñamos dedicada a nosa rúa principal a un dos símbolos principais dese réxime ou mesmo mantendo o rótulo dunha das nosas rúas a un criminal que ten como única relación coa nosa vila o ter ordenado incendiala. Isto evidencia o moito que queda moito que facer no noso Concello.

Porén, tendo en conta os consensos acadados entre as forzas políticas presentes na corporación que a nivel local foron quen de acordar a homenaxe aos concelleiros e dirixentes estradenses fusilados cando se cumpría o 70 aniversario, o 5 de xuño en 2007, e que a nivel galego se plasmou na resolución conxunta do Parlamento de 2008 de promover actos de homenaxe ás vítimas e eliminación de simboloxía franquista. Lembrando a declaración institucional conxunta do 18 de xullo de 2016 onde se sinala: “o Parlamento de Galicia reitera a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista”. E, finalmente, en sintonía co espírito de unanimidade que inspirou a homenaxe que tivo lugar o 23 de xuño do presente ano 2023 no parlamento ás vítimas do franquismo, entendemos que o Concello da Estrada aplicará a lei 52/2007, de 26 de decembro e da lei do 20/2022, de 19 de outubro, concretando a nivel municipal as recomendacións, mandatos e convenios internacionais en materia de dereitos humanos a favor da verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición a respecto dos crimes do franquismo cometidos contra o noso pobo.

Para este fin, desde o BNG se quere facer a seguinte achega co fin de contribuír ao desenvolvemento da aplicación das devanditas leis e que se suman as que xa temos feito con anterioridade.

A sección 4ª da lei 20/2022, nos seus artigos 49, 50, 51, 52 e 53 indica toda unha serie de actuacións relativas aos chamados lugares de memoria.

Entende que no caso estradense hai un espazo especialmente significativo e que está a ser ameazado polo desenvolvemento urbanístico recente e que precisaría unha urxente actuación de







protección, sinalización e difusión. Referímonos á Ponte do Regueiro.

Lembra que na madrugada do 9 de outubro de 1936, Severino García Teijeiro, José Domingo González Boulosa, Juan Bacariza Sánchez, Ramón Muíños Lorenzo, Manuel Guillán Abalo e Jesús Froiz Gómez, foron sacados do cuartel da falanxe da Estrada no que estaban a ser torturados, e na saída da vila cara Pontevedra, a altura da Ponte do Regueiro, foron asasinados deixando os seus corpos estrados á beira do camiño. Este feito conmocionou a veciñanza e provocou unha reacción de solidariedade e empatía que se concretou no seu enterramento nunha fosa común no cemiterio de Figueiroa. Compre lembrar neste sentido a actuación do xuíz da Estrada, Fermín Bouza Brey, coa súa insistencia en levantar acta do sucedido e o papel do párroco Nicolás Mato, ao promover a dignificación dos seus cadáveres, e a moitas mulleres que aínda fican anónimas que se mobilizaron nesas datas para que as vítimas foran recordadas.

Polo dito anteriormente, o voceiro do BNG propón que por este pleno sexan adoptados os seguintes acordos: Declarar a Ponte do Regueiro como Lugar da Memoria, promovendo os trámites para incoar esta declaración pola Dirección Xeral competente en materia de Memoria Democrática tal como establece o artigo 49 da lei 20/2022; e levar a cabo a sinalización, explicación e difusión axeitada deste espazo, que garanta a súa perdurabilidade e protección, así como a interpretación e promoción entre a cidadanía.

Pide a palabra a concelleira do grupo socialista, **Dna. Amalia Lago Durán**, para trasladar o seu apoio á moción lamentando que non se aplique aos símbolos franquistas que se ven na igrexa de San Paio.

Intervén a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que está a favor da moción que se está a tratar ao considerar que é importante este tipo de iniciativas para dar visibilidade todo o dano que fixo o franquismo e os fascismo, resarcindo ás vítimas que, por desgracia, no noso concello houbo moitas e en moitas das nosas parroquias, por iso lle parece que non nos debíamos quedar aquí, senón de seguir facendo outras co fin de visibilizar todas as barbaries cometidas e que quedaron tapadas a conciencia e que poden provocar que se produzan de novo outros movementos fascistas.

O concelleiro delegado de Organización e voceiro do grupo de goberno, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, intervén para anunciar o voto a favor por encaixar no artigo 49 da Lei 2022 de Memoria Histórica e na Resolución do Parlamento Europeo de 2 de abril do ano 2009 sobre a conciencia europea e once se condenan todos os crimes totalitarios cometidos polo fascismo; ademais de que o seu grupo condena todo tipo de crime.



Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo voceiro do grupo municipal do BNG con data 28/08/2023 (registro de entrada 2023-E-RE-4161), corrixida por outra moción presentada o 14/09/2023 (registro de entrada 2023-E-RE-4521), pola que propón declarar a Ponte do Regueiro como Lugar da Memoria, promovendo os trámites para incoar esta declaración pola Dirección Xeral competente en materia de Memoria Democrática, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“O fascismo, como movemento social heterófono, apoloxético da violencia e defensor da supremacía dun grupo humano sobre os demais, provocou na Europa unha catástrofe humanitaria froito da guerra, represión e xenocidio que fixo que o noso continente tomara conciencia da necesidade de políticas públicas de memoria co obxectivo de resarcir ás vítimas e de previr que volva suceder algo semellante. Neste sentido xeneralizáronse, en todos os países, actuacións enmarcadas nunha doutrina de dereito internacional humanitario que se foi consolidando e que se resume en catro mandatos que deben cumprir as administracións: Verdade, Xustiza, Reparación e Garantías de non repetición.*

*Compre sinalar que en resolución 39 (I) da Asemblea Xeral da ONU sobre a “cuestión española” declarou o franquismo como de carácter fascista en orixe, natureza, estrutura e conduta xeral, que non representaba ao pobo español, ao que foi imposto pola forza coa axuda das potencias do Eixo.*

*Precisamente este organismo internacional foi promovendo unha serie de acordos que teñen como base a Carta das Nacións Unidas, a Declaración Universal de Dereitos Humanos, o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, os Convenios de Xenebra do 12 de agosto de 1949 e os seus Protocolos adicionais do 8 de xuño de 1977. Promovendo, así mesmo, outros instrumentos de dereito internacional humanitario como son a Declaración e o Programa de Acción de Viena, Lembrando o Conxunto de principios para a protección e a promoción dos dereitos humanos mediante a loita contra a impiedade, así como a versión actualizada deses principios, lembrando tamén a resolución 60/147 da Asemblea Xeral, do 16 de decembro de 2005, relativa aos Principios e directrices básicos sobre o dereito das vítimas de violacións manifestas das normas internacionais de dereitos humanos e de violacións graves do dereito internacional humanitario a interpoñer recursos e obter reparacións, Lembrando ademais as resolucións da Comisión de Dereitos Humanos 2005/70, do 20 de abril de 2005, sobre os dereitos humanos e*



*a xustiza de transición, 2005/81, do 21 de abril de 2005, sobre a impunidade, e 2005/66, do 20 de abril de 2005, sobre o dereito á verdade, así como as resolucións do Consello de Dereitos Humanos 12/11, do 1º de outubro de 2009, sobre os dereitos humanos e a xustiza de transición, 9/11, do 18 de setembro de 2008, e 12/12, do 1º de outubro de 2009, sobre o dereito á verdade, e 10/26, do 27 de marzo de 2009, e 15/5, do 29 de setembro de 2010, sobre a xenética forense e os dereitos humanos, e as decisións do Consello 2/105, do 27 de novembro de 2006, sobre o dereito á verdade, e 4/102, do 23 de marzo de 2007, sobre a xustiza de transición, Lembrando a Convención Internacional para a protección de todas as persoas contra as desaparicións forzadas, aprobada pola Asemblea Xeral na súa resolución 61/177, do 20 de decembro de 2006, en cuxo artigo 24, parágrafo 2, se recoñece o dereito de toda vítima a coñecer a verdade sobre as circunstancias da desaparición forzada, a marcha e os resultados das investigacións e a sorte da persoa desaparecida e, se establecen as obrigacións do Estado parte, que deberá tomar as medidas adecuadas a ese respecto, e en cuxo preámbulo se reafirma o dereito á liberdade de buscar, recibir e difundir informacións a este fin,*

*Lembrando tamén o informe do Secretario Xeral sobre o estado de dereito e a xustiza de transición nas sociedades que sofren ou sufriron conflitos, en particular as recomendacións pertinentes que nel figuran, así como o informe do Secretario Xeral titulado "Axuntar as nosas forzas para fortalecer o apoio das Nacións Unidas ao Estado de Dereito".*

*Observando con aprecio o activo labor realizado polas Nacións Unidas, en particular pola Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, ao prestar asistencia aos Estados para dar resposta ás violacións manifestas dos dereitos humanos e ás violacións graves do dereito internacional humanitario, en cooperación cos Estados e a solicitude destes,*

*Lembrando as súas resolucións 5/1, sobre a construción institucional do Consello, e 5/2, sobre o Código de conduta para os titulares de mandatos dos procedementos especiais do Consello, do 18 de xuño de 2007, e destacando que os titulares de mandatos deben desempeñar as súas funcións de conformidade con esas resolucións e cos seus anexos, Lembrando finalmente a resolución 60/251 da Asemblea Xeral, do 15 de marzo de 2006, no que se establece o procedemento especial sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición que deben aplicarse a violacións manifestas dos dereitos humanos e violacións graves do dereito internacional humanitario,*

*Tendo en conta tamén a condena as violacións dos dereitos humanos durante a Guerra e a durísima represión da posguerra e a ditadura franquista no informe da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, adoptado en París o 17 de marzo de 2006, o Estado Español aproba a lei 52/2007, de 26 de decembro, que tentaba dar resposta á necesidade de*



*harmonizar a súa lexislación con todas estas directrices, convenios, recomendacións e declaracións do Consello de Europa, dos Organismos Internacionais humanitarios e atender as demandas sociais. Mais dita lei resultou insuficiente, como quedaría en evidencia, xa que moitas das medidas quedaban a vontade de quen ocupara as institucións.*

*Véxase o caso do seu artigo 15 no que se indica a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Neste sentido os organismos internacionais apelaron insistentemente ao Estado Español a que actualizara o seu marco legal en sintonía con eses principios de dereito humanitario universal. Así, no informe de 2014 o relator especial das Nacións Unidas para a verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición, Pablo de Greiff, sinalou unha serie de graves deficiencias que urxiu a corrixir co obxectivo de asumir as responsabilidades necesarias da Administración.*

*A lei 20/2022, de 19 de outubro, tenta dar contestación a esa situación de exclusión do Estado Español do consenso internacional no dereito humanitario, mellorando algúns aspectos substanciais da lexislación de 2007, e aínda que tamén ten deficiencias, si que avanza de xeito considerable na dirección correcta. En termos xerais, no conxunto do Estado apreciamos progresos nesta materia que son de valorar. Mais, no espazo local aínda nos atopamos na fase previa a retirar rótulos de exalzamento do franquismo, con situacións como que teñamos dedicada a nosa rúa principal a un dos símbolos principais dese réxime ou mesmo mantendo o rótulo dunha das nosas rúas a un criminal que ten como única relación coa nosa vila o ter ordenado incendiala. Isto evidencia o moito que queda moito que facer no noso Concello.*

*Porén, tendo en conta os consensos acadados entre as forzas políticas presentes na corporación que a nivel local foron quen de acordar a homenaxe aos concelleiros e dirixentes estradenses fusilados cando se cumpría o 70 aniversario, o 5 de xuño en 2007, e que a nivel galego se plasmou na resolución conxunta do Parlamento de 2008 de promover actos de homenaxe ás vítimas e eliminación de simboloxía franquista. Lembrando a declaración institucional conxunta do 18 de xullo de 2016 onde se sinala: “o Parlamento de Galicia reitera a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista”. E, finalmente, en sintonía co espírito de unanimidade que inspirou a homenaxe que tivo lugar o 23 de xuño do presente ano 2023 no parlamento ás vítimas do franquismo, entendemos que o Concello da Estrada aplicará a lei 52/2007, de 26 de decembro e da lei do 20/2022, de 19 de outubro, concretando a nivel municipal as recomendacións, mandatos e*



*convenios internacionais en materia de dereitos humanos a favor da verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición a respecto dos crimes do franquismo cometidos contra o noso pobo.*

*Para este fin, desde o BNG queremos facer a seguinte achega co fin de contribuír ao desenvolvemento da aplicación das devanditas leis e que se suman as que xa temos feito con anterioridade.*

*A sección 4ª da lei 20/2022, nos seus artigos 49, 50, 51, 52 e 53 indica toda unha serie de actuacións relativas aos chamados lugares de memoria.*

*Entendemos que no caso estradense hai un espazo especialmente significativo e que está a ser ameazado polo desenvolvemento urbanístico recente e que precisaría unha urxente actuación de protección, sinalización e difusión. Referímonos á Ponte do Regueiro.*

*Na madrugada do 9 de outubro de 1936, Severino García Teijeiro, José Domingo González Boulosa, Juan Bacariza Sánchez, Ramón Muños Lorenzo, Manuel Guillán Abalo e Jesús Froiz Gómez, foron sacados do cuartel da falanxe da Estrada no que estaban a ser torturados, e na saída da vila cara Pontevedra, a altura da Ponte do Regueiro, foron asasinados deixando os seus corpos estrados á beira do camiño. Este feito conmocionou a veciñanza e provocou unha reacción de solidariedade e empatía que se concretou no seu enterramento nunha fosa común no cemiterio de Figueiroa. Compre lembrar neste sentido a actuación do xuíz da Estrada, Fermín Bouza Brey, coa súa insistencia en levantar acta do sucedido e o papel do párroco Nicolás Mato, ao promover a dignificación dos seus cadáveres, e a moitas mulleres que aínda fican anónimas que se mobilizaron nesas datas para que as vítimas foran recordadas.*

*Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:*

- 1. Declarar a Ponte do Regueiro como Lugar da Memoria, promovendo os trámites para incoar esta declaración pola Dirección Xeral competente en materia de Memoria Democrática tal como establece o artigo 49 da lei 20/2022.*
- 2. Levar a cabo a sinalización, explicación e difusión axeitada deste espazo, que garanta a súa perdurabilidade e protección, así como a interpretación e promoción entre a cidadanía.”*

*Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asunto Xerais en sesión celebrada o 11/10/2023.*

*E, á vista do debatido nesta sesión, adoptáanse, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:*

**Primeiro.-** Declarar a Ponte do Regueiro como Lugar da Memoria, promovendo os trámites



para incoar esta declaración pola Dirección Xeral competente en materia de Memoria Democrática tal como establece o artigo 49 da lei 20/2022.

**Segundo.-** Levar a cabo a sinalización, explicación e difusión axeitada deste espazo, que garanta a súa perdurabilidade e protección, así como a interpretación e promoción entre a cidadanía.

**Expediente 6517/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR, PSdeG-PSOE E MIXTO (MOVETE) MOTIVADA POLA CELEBRACIÓN O 25 DE NOVEMBRO DE 2023 DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 18, En contra: 2, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Concédeselle a palabra á concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade e Educación, **Dna. Amalia Goldar Cora**, quen pasa a dar lectura á moción conxunta dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE), redactada con motivo da celebración o 25/11/2023 do “Día Internacional contra a violencia de xénero”, dándolle pena que este ano o grupo do BNG non se una a esta moción, porque esta non contén ningún parágrafo con intención política, tan só mostra as inquedañas en un tema tan importante como é a violencia contra a muller. Pasa a continuación a dar lectura á nomeada moción:

*“A violencia contra as mulleres e as nenas é unha das violacións máis xeneralizadas dos dereitos humanos no mundo, tal e como recoñece a ONU. É máis, esta organización internacional sinala que a violencia de xénero prodúcese cada día en todos os recunchos do planeta e ten graves consecuencias físicas, psicolóxicas e económicas sobre as mulleres e as nenas, tanto a curto como a longo prazo, ao impedirilles participar plenamente e en pé de igualdade na sociedade.*

*En consecuencia, a súa loita debe ser integral e contar co conxunto da sociedade, especialmente, cos poderes públicos e administracións, sexan estas internacionais, nacionais, autonómicas e, por suposto, locais.*

*Neste sentido, Galicia é pioneira na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais dirixidos a eliminar as distintas formas de discriminación por razóns de xénero, avanzar na supresión dos atrancos que impiden o pleno desenvolvemento das mulleres*



*nas distintas esferas e combater as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero.*

*Así, a nosa Comunidade Autónoma conta con instrumentos legislativos como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que, avanzou no recoñecemento doutro tipo de violencias, como é a violencia vicaria e a violencia dixital, incluíndo o recoñecemento expreso da explotación sexual como violencia de xénero.*

*Sen embargo, non debemos esquecer que somos as entidades locais, como o noso concello, axentes de primeira liña na loita contra a violencia de xénero. Por proximidade á cidadanía, somos en moitos casos axentes clave para identificar, atender e acompañar ás vítimas, derivándoas aos recursos especializados á súa disposición; así como de detectar e poñer en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade estes casos de violencia de xénero para facer fronte ao agresor.*

*Por ese motivo, as Entidades Locais galegas desenvolven desde hai anos numerosas accións contra a violencia de xénero e veñen impulsando, con carácter permanente e de proximidade, distintas actuacións para contribuír a loitar contra esta problemática estrutural, e entendendo que eso é así, dende o noso concello estamos a desenvolver desde hai anos numerosas accións contra a violencia de xénero e impulsamos, con carácter permanente e de proximidade, distintas actuacións para contribuír a loitar contra esta problemática estrutural.*

*Ademais, no marco de colaboración interinstitucional entre o Goberno galego e os concellos de Galicia, no ano 2017 asinouse o Protocolo de Colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero e para promover a constitución e activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, Rede da que o Concello da Estrada forma parte desde o primeiro momento, contando co funcionamento da Mesa Local desde o ano 2010.*

*Así pois, tendo en conta que a colaboración interinstitucional é unha peza clave para traballar con éxito na prevención da violencia de xénero, no tratamento das súa vítimas e na súa erradicación completa, e entendendo os desafíos que as distintas administracións, que aínda temos por diante nesta loita, nun ano especialmente duro e cruel xa que só no mes de setembro foron asasinadas 10 mulleres, sumando un total de 50 vítimas no que vai de ano, o que é un dato que é claramente inasumible por calquera sociedade que queira vivir en liberdade e igualdade.*

*Ante o dito proponse que polo Pleno desta corporación sexan adoptados os seguintes acordos:*

*1. Instar ao Goberno central ao cumprimento efectivo do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións legislativas pendentes a adoptando as medidas recollidas neste Pacto en materia de prevención, detección e atención integral.*



2. *Implicarse en campañas publicitarias contra a violencia de xénero, así como a elaboración de materiais que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos.*
3. *Seguir formando parte da Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa FEGAMP, impulsando a formación, e fomentando a prevención e sensibilización, así como proporcionar o apoio técnico necesario no ámbito da loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres.*
4. *Fomentar a continuidade da Mesa Local contra a Violencia de Xénero como mecanismo de coordinación Interinstitucional de todos os axentes sociais implicados.*”

Pide a palabra a concelleira socialista, **Dna. Amalia Lago Durán**, para anunciar o voto a favor do seu grupo, agradecendo o traballo do CIM na redacción desta.

Intervén a concelleira do grupo do BNG, **Dna. Vanesa Iglesias Casal**, para dicir que se acusa ao BNG de romper coa tradición desa moción conxunta que se elabora todos os anos, pero non observa ningunha aportación dos grupos da oposición na súa elaboración; así mesmo, queixase da falta de respecto cando na previa Comisión Informativa non se lle deixou explicar a moción paralela que o seu grupo levaba, nin incluír as propostas que se inclúen na moción xa redactada e que nin se quixo escoitar, polo que, a continuación, vai a proceder a dar lectura a esa moción que eles levaban e que se transcribe literalmente de seguido:

*“Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.*

*O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.*

*O caso da Estrada non é unha excepción, rexistrándose 11 denuncias entre 2019 e 2022,*





*mentres este ano xa levamos unha só no primeiro semestre.*

*Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer, o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.*

*A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.*

*Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:*

*1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2023, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.*

*2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifi-que a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.*

*3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte*



*agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.*

*4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:*

*4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.*

*4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza alcanzará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.*

*4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.“*

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que vota a favor da moción conxunta porque lle parece importante facer forza e dar visibilidade ás violencias contra a muller de carácter física, psicolóxica e económica. Entende que o 25-N é tan só un día para reivindicar, pero é necesario traballar contra a violencia machista todos os días do ano e dende todas as administracións e, por esta razón, estamos aquí. Di que os grupos políticos deben unirse para traballar na igualdade en todos os ámbitos e así poder construír unha sociedade mellor . Polo dito, considera que se debería recoller moitas das cuestións ditas pola voceira do BNG para traballar a partir de agora e durante toda a lexislatura, parecéndolle importante que neste momento todos os grupos deberían xuntarse para acadar máis forza nesta loita.

Aproveita a súa intervención para poñer en valor o traballo da loita feminista para a erradicación de todo tipo de violencias e de acadar a igualdade de xénero.



Intervén a concelleira delegada **Dna. Amalia Goldar Cora** para aclarar que a moción do BNG non foi tratada na Comisión Informativa por non estar incluída dentro da Orde do Día, ademais, ao ser extraordinaria non se podía engadir á mesma, porque esta foi presentada despois da súa convocatoria. Lembra tamén que dende o concello se avisou de que se estaba a traballar na elaboración da moción conxunta para que aportaran propostas na súa redacción e a contestación do BNG foi que estaban traballando niso, pero a súa decisión foi presentar unha moción por separado e unha vez xa convocada a Comisión. Aclara que a única aportación que a Sra. Iglesias Casal fixo no seno deste órgano colexiado foi a de trasladar ao CIM para outro edificio por entender que podería ser máis operativo e unha maior protección as súas usuarias, ao que se lle contestou que non era así por defender unha atención transversal ás vítimas da violencia de xénero, ademais porque as usuarias estarían máis protexidas ao entrar nun edificio onde se prestan máis servizos e así pasarían desapercibidas, doutro xeito se se ven entrando nun edificio adicado só ao CIM xa se saben para que van. Por outra banda, a concelleira do BNG entrou nun discurso polo que intentaba expoñer a súa moción non facendo ningunha aportación máis.

Continúa aclarando que a moción conxunta que se trae aquí hoxe para a súa aprobación non ten ningún contido de carácter político e que asinan conxuntamente tres grupos políticos que representan máis do 90% da nosa poboación, polo que non entende a película que monta a Sra. Iglesias Casal, pedíndolle que nomee só un parágrafo que o seu grupo non sexa capaz de asumir, comprendendo que lles pareza insuficiente pero non que diga que ten carácter político.

Toma a palabra a **Sra. Vanesa Iglesias Casal** para lembrar que tres veces se lle negou na Comisión poder intervir dicíndolle que “aquí non vimos a falar da moción do BNG” cando os puntos que figuraban na súa moción eran os que se propoñían incluír na moción conxunta.

Por outra banda, di que, tendo en conta o que lle transmiten educadoras sociais doutros concellos, é necesario un espazo privado para que as usuarias do CIM podan falar, e de psicólogas que as axuden.

Considera que a súa defensa está moi clara, porque a igualdade de xénero nace dunha igualdade xusta, social e económica, algo que o PP nunca defendeu nin o fará, considerando que todo o que dixo está baseado en realidade e que aquí o seu grupo non ven a branquear a ninguén, polo que non permite que se diga que o BNG son uns demos, porque o que si son é coherentes, palabra que o PP non sabe que significa.



Intervén o **Sr. Alcalde** para dicir que é a primeira vez dende fai unha década que se ten esta violencia verbal por parte dunha concelleira, porque unha cousa é o fondo pero as formas non se deben de perder , e a Sra. Iglesias Casal intervén con violencia verbal que da a pensar que se trata dunha cuestión persoal contra unha formación política, cando neste Concello sempre se chegaron a acordos políticos co grupo do BNG, acadando acordos conxuntos e unánimes en cuestións esenciais, tal é caso da violencia contra a muller, por entender que a unión dos forzas políticas nestas cuestións mostra a sensibilidade, claridade e contundencia contra estes actos machistas; pero o actual grupo do BNG acaba de romper esta unidade, unha mala noticia para as vítimas, a política e para esta administración local, sobre todo coa aptitude que mostrou na súa intervención a nomeada concelleira, esperando que dito grupo saiba o que está a facer e sexa consecuente coas decisións que toman.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose polos votos a favor dos grupos do PP, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE) e en contra do grupo do BNG o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción conxunta dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE) redactada con motivo da celebración o vindeiro 25 de novembro de 2023 do “Día Internacional contra a violencia de xénero”, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“A violencia contra as mulleres e as nenas é unha das violacións máis xeneralizadas dos dereitos humanos no mundo, tal e como recoñece a ONU. É máis, esta organización internacional sinala que a violencia de xénero prodúcese cada día en todos os recunchos do planeta e ten graves consecuencias físicas, psicolóxicas e económicas sobre as mulleres e as nenas, tanto a curto como a longo prazo, ao impedirles participar plenamente e en pé de igualdade na sociedade.*

*En consecuencia, a súa loita debe ser integral e contar co conxunto da sociedade, especialmente, cos poderes públicos e administracións, sexan estas internacionais, nacionais, autonómicas e, por suposto, locais.*

*Neste sentido, Galicia é pioneira na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais dirixidos a eliminar as distintas formas de discriminación por razóns de xénero, avanzar na supresión dos atrancos que impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas distintas esferas e combater as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero.*

*Así, a nosa Comunidade Autónoma conta con instrumentos legislativos como a Lei*



11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que, avanzou no recoñecemento doutro tipo de violencias, como é a violencia vicaria e a violencia dixital, incluíndo o recoñecemento expreso da explotación sexual como violencia de xénero.

Sen embargo, non debemos esquecer que somos as entidades locais, como o noso concello, axentes de primeira liña na loita contra a violencia de xénero. Por proximidade á cidadanía, somos en moitos casos axentes clave para identificar, atender e acompañar ás vítimas, derivándoas aos recursos especializados á súa disposición; así como de detectar e poñer en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade estes casos de violencia de xénero para facer fronte ao agresor.

Por ese motivo, as Entidades Locais galegas desenvolven desde hai anos numerosas accións contra a violencia de xénero e veñen impulsando, con carácter permanente e de proximidade, distintas actuacións para contribuír a loitar contra esta problemática estrutural, e entendendo que eso é así, dende o noso concello estamos a desenvolver desde hai anos numerosas accións contra a violencia de xénero e impulsamos, con carácter permanente e de proximidade, distintas actuacións para contribuír a loitar contra esta problemática estrutural.

Ademais, no marco de colaboración interinstitucional entre o Goberno galego e os concellos de Galicia, no ano 2017 asinouse o Protocolo de Colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero e para promover a constitución e activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, Rede da que o Concello da Estrada forma parte desde o primeiro momento, contando co funcionamento da Mesa Local desde o ano 2010. Así pois, tendo en conta que a colaboración interinstitucional é unha peza clave para traballar con éxito na prevención da violencia de xénero, no tratamento das súas vítimas e na súa erradicación completa, e entendendo os desafíos que as distintas administracións, que aínda temos por diante nesta loita, nun ano especialmente duro e cruel xa que só no mes de setembro foron asasinadas 10 mulleres, sumando un total de 50 vítimas no que vai de ano, o que é un dato que é claramente inasumible por calquera sociedade que queira vivir en liberdade e igualdade.

Ante o dito propónse que polo Pleno desta corporación sexan adoptados os seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno central ao cumprimento efectivo do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións legislativas pendentes a adoptando as medidas recollidas neste Pacto en materia de prevención, detección e atención integral.
2. Implicarse en campañas publicitarias contra a violencia de xénero, así como a



*elaboración de materiais que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos.*

*3. Seguir formando parte da Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa FEGAMP, impulsando a formación, e fomentando a prevención e sensibilización, así como proporcionar o apoio técnico necesario no ámbito da loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres.*

*4. Fomentar a continuidade da Mesa Local contra a Violencia de Xénero como mecanismo de coordinación Interinstitucional de todos os axentes sociais implicados.”*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, na sesión celebrada o 19/10/2023.

E, á vista do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno central ao cumprimento efectivo do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións legislativas pendentes a adoptando as medidas recollidas neste Pacto en materia de prevención, detección e atención integral.

**Segundo.-** Implicarse en campañas publicitarias contra a violencia de xénero, así como a elaboración de materiais que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos.

**Terceiro.-** Seguir formando parte da Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa FEGAMP, impulsando a formación, e fomentando a prevención e sensibilización, así como proporcionar o apoio técnico necesario no ámbito da loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres.

**Cuarto.-** Fomentar a continuidade da Mesa Local contra a Violencia de Xénero como mecanismo de coordinación Interinstitucional de todos os axentes sociais implicados.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos quere presentar algunha moción de urxencia.

Pide a palabra o voceiro do grupo do BNG, **Xoán Reyes Villar**, para dicir que





presentan fóra da orde do día desta sesión unha moción pola que se propón a condena do Concello da Estrada das actuacións do estado de Israel durante o conflito Palestino-Israelí, xustificando a súa urxencia para a súa inclusión fóra da orde do día desta sesión en que nas últimas semanas foron asasinados preto de 10.000 palestinos e case 18.500 foron feridos, unha cifra que medra diariamente e a un ritmo alarmante. Por iso, e visto o número in crescendo de mortes nos últimos días, considera oportuno non agardar máis tempo para tomar unha posición ao respecto.

Intervén a concelleira do PSdeG-PSOE, **Dna. Amalia Lago Durán**, para trasladar a súa conformidade coa urxencia esta moción debido a que se deben de tratar sempre todas as propostas que presentan os grupos municipais, ademais avanza que se absterá na votación da moción.

A voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, manifesta estar a favor a urxencia, pero lle houbera gustado que o grupo do BNG lle achegara a moción para así ter coñecemento dela antes de chegar aquí.

O **Sr. Alcalde** di que o grupo de goberno non ten ningún problema que se dea lectura a esta moción, manifestando o voto a favor da urxencia por tratarse dun problema de suficiente trascendencia, dicindo que nesta corporación se busca chegar a acordos entre todas as forzas políticas para chegar a acordos unánimes pero tendo a información coa antelación suficiente para o seu estudo. Tamén quere advertir de que se decidiu, previo acordo coas forzas políticas, que determinados asuntos non se ían a traer a este pleno por saírse do límite das competencias municipais e que non afectan ao noso territorio, habendo foros suficientes fóra da administración local e onde están representados todos os partidos políticos (parlamentos autonómico, europeo, nacional,..) onde se poden debater este tipo de temas, doutro xeito poderían xerarse polémicas na xestión deste Pleno municipal, por iso anuncia que non votará a favor desta moción, nin doutra que teña contido que saía das competencias municipais.

Sométese a urxencia a votación, sendo aprobada por unanimidade, por conseguinte inclúese o expediente 7145/2023 como fóra da Orde Día pasando ao seu debate:



## **FÓRDA DA ORDE DO DÍA: Expediente 7145/2023. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN A CONDENA DO CONCELLO DA ESTRADA DAS ACTUACIÓNS DO ESTADO DE ISRAEL DURANTE O CONFLITO PALESTINO-ISRAELÍ**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 3, En contra: 13, Abstencións: 4, Ausentes: 0

O voceiro do grupo do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para proceder a dar lectura á moción presentada con data 02/11/2023 (registro de entrada 2023-E-RPLN-3) que se transcribe a continuación

*"Palestina sofre 75 anos de brutal ocupación baixo un sistema de auténtico apartheid, no que Israel incumpriu de forma reiterada as resolucións da ONU (tanto da súa Asemblea Xeral como do seu Consello de Seguridade). Ao longo destas décadas Israel, non só impediu a existencia dun Estado palestino senón que ocupou os seus territorios (aproximadamente o 70% do territorio palestino desde 1948) mediante asentamentos de colonos (declarados ilegais segundo a resolución 2334 do Consello de Seguridade da ONU), someteu a súa poboación a todo tipo de vexacións e maltratos, asasinou a dirixentes palestinos, meteu na cárcere a centos de persoas de xeito extraxudicial, levantou un muro da vergoña (declarado tamén ilegal), lanzou ataques que se saldaron con milleiros de persoas mortas e feridas e impuxo un brutal bloqueo á franxa de Gaza.*

*Os ataques de Israel sobre a franxa de Gaza son un ataque indiscriminado e dunha brutalidade extrema que vulnera claramente o dereito internacional. Os bombardeos masivos, os cortes de subministros básicos como a luz, a auga potábel ou alimentos e medicamentos, son elementos dunha política de asedio xenocida que agravan a xa de por si durísima situación provocada polo bloqueo imposto á franxa de Gaza desde 2007 e que levaría á ONU a considerar as condicións nese territorio como "impropias para sustentar vida humana". Máis de dous millóns de seres humanos, que xa malvivían confinados en 365 km cadrados (extensión similar á do Concello de Vilalba) nunhas condicións económicas e sociais absolutamente deplorábeis, agora fano nunhas condicións infrahumanas e con serio risco de perder as súas vidas.*

*Desde o día 7 de outubro, o estado de Israel asasinou a preto de 10.000 palestinos e palestinianas, a metade nenos e nenas, atacando infraestruturas clave como hospitais e campos de refuxiados, unha situación que levou á ONU a consideralos crimes de guerra.*

*O concello da Estrada non pode permanecer impasíbel ante o xenocidio do pobo palestino perpetrado polo estado de Israel, mentres a Unión Europea cala e outorga, cando non prestan apoio político e militar a través da Comisión Europea e a OTAN, respectivamente. Non no noso nome.*

*Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:*





1. *O concello da Estrada condena os ataques indiscriminados do estado de Israel e ínstao a un alto o fogo inmediato.*
2. *Instamos ao goberno español a asumir as súas responsabilidade como presidente de quenda da Unión Europea para liderar unha posición de defensa dunha desescalada no conflito e de busca activa dunha saída negociada e pacífica ao mesmo, baseada no cumprimento da legalidade internacional e as resolucións da ONU.*
3. *Solicitamos á Xunta de Galiza, ao Goberno de España e á Unión Europea a aumentar significativamente a axuda humanitaria, económica e social con destino á poboación palestina.*
4. *Os presentes acordos remitiranse á embaixada de Israel no Estado español, á presidencia da Xunta de Galiza e á presidencia do goberno español.”*

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para insistir en que lle gustaría haber tido acceso á moción antes de chegar a este Pleno, aínda así votará a favor da mesma por estar de acordo con ela. Así mesmo quere aclarar que non é primeira vez que se traer unha moción deste tipo co fin de reivindicar a paz e a xustiza social en Palestina.

O **Sr. Alcalde** volve a explicar que se intenta manter o compromiso de non traer ao noso Pleno ningún debate político alleo ás competencias municipais e que poda xerar certo debate político ou fricción social. Di que todos os grupos reciben mocións dos nosos partidos políticos e sabemos onde se están a facer as batallas políticas, tanto no ámbito nacional como no galego, considerando que non enriquece para nada levalo ao ámbito local.

Continúa que está de acordo en que é unha cuestión de relevancia e esta moción poderíase presentar de xeito ordinario, tratarse nunha Comisión Informativa e elaborar unha moción conxunta; pero cando se tratan de cuestións políticas e partidistas a cousa se sae da normalidade, de feito, se a esta moción se engade que a guerra se iniciou por unha invasión de Palestina a Israel, seguramente ao voceiro do BNG non lle gustaría, polo que poderíamos condenar o que está a facer Palestina ao igual que o que está a facer Israel, entón ¿por que non podemos facer unha moción conxunta en que se condene todo tipo de violencia?. Entón, se entramos neste tipo de debates vamos a xerar unha polémica e como é unha cuestión que non depende de nós, habendo ámbitos superiores que poden tomar decisións en relación con ese conflito é mellor deixar que eles sexan os que fagan o traballo da mellor maneira posible.

Quere deixar como mostra da decisión desta corporación en no levar este tipo de mocións ao noso pleno, en que moitos concellos de España levaron unha moción en contra dos indultos e da amnistía de Barcelona e o noso concello non o fixo, o que deixa clara a coherencia nesta decisión, sendo o motivo polo que se votará en contra desta moción.





Non habendo máis intervencións sométese a votación a moción presentada, sendo rexeitada polos votos en contra do grupo do Partido Popular, a abstención do grupo do PSdeG-PSOE e a favor dos grupos do BNG e Mixto (MOVETE).

A continuación o **Sr. Alcalde** advirte da existencia dun asunto para tamén incluír fóra da orde do día desta sesión, consistente no ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en relación coa proposta de aprobación e sinatura da Addenda ao Convenio de cooperación entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello da Estrada para a execución da obra “Construción dun módulo cuberto multideporte”.

Para explicar a urxencia desta proposta lle concede a palabra ao concelleiro de Organización e voceiro do grupo do PP, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen di que a Xunta de Galicia presentou unha Addenda ao convenio de cooperación asinado para a execución das obras de construción dun módulo cuberto multideporte, onde se produce un reaxuste das anualidades, outorgando tan só un prazo de 10 días para a súa sinatura, sendo o órgano que debe aprobar dita formalización o Pleno, previa Comisión Informativa, sendo esta a razón polo que é urxente sometelo a este Pleno ordinario.

Pide a palabra a concelleira do grupo do PSdeG-PSOE, **Dna. Amalia Lago Durán**, para dicir que, por ser un requisito necesario e obrigatorio, o seu grupo votará a favor da urxencia.

Intervén a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que se vai a abster na votación.

Procédese á votación da urxencia, sendo aprobada polos votos a favor do dos grupos do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG, e coa abstención do grupo Mixto (MOVETE).

Sendo aprobada por maioría a urxencia, procédese á inclusión do expediente





1995/2023 fóra da Orde do Día:

**FÓRA DA ORDE DO DÍA: Expediente 1995/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN E SINATURA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "CONSTRUCCIÓN DUN MÓDULO CUBERTO MULTIDEPORTE"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 17, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Non habendo intervencións en relación co asunto a tratar, se procede á súa votación, adoptándose polos votos a favor dos grupos do Partido Popular e PSdeG-PSOE, e as abstencións dos grupos do BNG e Mixto (MOVETE) o seguinte **ACORDO**:

Visto o Convenio de Cooperación entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello da Estrada para a execución das obras de construción dun módulo cuberto multideporte, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González, aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 13 de abril de 2023.

Vista a Addenda ao Convenio antes indicado de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello da Estrada, mediante a que se produce en reaxuste de anualidades.

Visto o informe da Secretaría Municipal de data 30 de outubro de 2023.

Visto o informe de fiscalización da Intervención Municipal de data 30 de outubro de 2023.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na súa sesión de 31 de outubro de 2023.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Aprobar a formalización e sinatura da Addenda ao Convenio de Cooperación entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello da Estrada para a execución das obras de construción dun módulo cuberto multideporte, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González.

**Segundo.-** Facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.



## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 13 DE OUTUBRO DE 2023 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 13 de outubro de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-1405 ao número 2023-1479 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia esta quenda a concelleira do grupo do PSdeG-PSOE, **Dna. Amalia Lago Durán**, quen comenza sinalando que na estrada PO-841, á altura do ambulatorio de Souto de Vea, foron colocadas novas sinalizacións que poñen Couso como inicio de parroquia e San Xiao de Vea como final, pensando que é San Xurxo de Vea, polo que se debería de corrixir.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que é sabedor deste erro e o técnico tamén, e que se corrixirá.

Continúa a **Sra. Lago Durán** pregando que se asfalten dous camiños, un en Frades e que quedou sen arranxar (ofrece o plano para comprobar) e outro en Santa Baía de Matalobos e que da acceso a unha vivenda e a unha explotación, vivenda onde hai nenos en idade escolar.

Di que Toedo, por culpa da tormenta, está sen luz, así como a estrada que nos une con Codeseda.

En relación coa farola que está diante da Librería Faro, di que é a única de toda rúa que se atopa sen cristais, polo que prega que se restitúan.

Toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para preguntar se sabe por que a auga das vivendas sae marrón.

Prega que se arranxa a estrada de Souto de Vea totalmente desfeita dende que se arranxou na época electoral.



Roga que se lle insista ao goberno central de que poña solución á situación da N-640.

Pregunta se se ten pensado algunha actuación nos vellos Xulgados unha vez se cambien para o novo edificio xudicial., ao igual pregunta co restos edificios onde estaban o INEM, o antigo ambulatorio, o albergue de Sabucedo, o matadoiro e a estación de autobuses.

Reitera a petición de que se lles faciliten as listas de garda do SAF, que fai máis dun mes que unha compañeira súa a pediu por escrito e aínda non se lles contestou.

Sinala que dentro das instalacións da Academia hai un desnivel que supón un risco de accidentes, polo que prega que se arranxe.

Roga novamente que se solucione o tema do aparcamento para os camións debido aos problemas que están a causar tanto aos condutores de camións como á veciñanza.

Con respecto ao Decreto da Alcaldía sobre unha tarxeta bancaria cun límite de 3.000 euros dispoñible para funcionarios municipais e en relación co coche eléctrico, pide que lle dea unha explicación.

Intervén o **Sr. Alcalde** para dar resposta á anterior intervención, así, con respecto á tarxeta bancaria, foi expedida a petición do persoal de Servizos Sociais co fin de poder facer os desprazamentos a domicilio co vehículo eléctrico polas mañás.

En relación co aparcamento de camións, valorouse cos propios camioneiros a súa colocación na parte posterior da Estación de Autobuses, pedíndonos que fixéramos un pequeno proxecto de sinalización e a colocación de cámaras de seguridade, actuacións que nestes momentos se están a valorar.

Sobre o terraplén existente na Academia de Seguridade, di que descoñece ese problema, de todos os xeitos advirte que eses terreos non son municipais senón da Xunta de Galicia, en todo caso o único que se pode facer é advertir a ese organismo dese perigo para que efectúe as actuacións oportunas.

No referente á lista de garda do SAF, informa que o propio servizo municipal lle fará entrega desa lista.

Responde á pregunta sobre os edificios administrativos baleiros, dicindo que os que van a quedar vacantes de xeito máis recente son os Xulgados números 1 e 2, sendo este último de titularidade municipal, polo que unha vez quede baldeiro pasa a ser novamente do Concello e se buscará alternativas para o seu uso; pero en caso do nº 1, os terreos foron cedidos polo Concello pero o edificio foi construído pola Xunta de Galicia, así que, no seu momento pedírase a desafectación dese edificio e a cesión do inmovible e, unha vez acadada esta, se



elaborará un proxecto en relación coa súa posta en valor e do seu destino. Continúa informando que o tramo da estrada de Souto de Veá está incluída na relación de camiños para incorporar en futuros proxectos de asfaltado en función da capacidade orzamentaria.

Con respecto á N-640 di que se leva tempo insistindo á delegación, a Subdelegación e ao Ministerio da necesidade de poñer unha solución definitiva ao estado lamentable do firme desta estrada e da variante, pero non hai resposta a ningunha das peticións deste Concello.

En canto ao tema da auga, di que se detectou que esta sae sucia cando hai moita choiva e os ríos van con moito lodo, e, aínda que se fai un traballo importante de captación e limpeza, a veces hai moita entrada de auga provocando estas augas turbias, pero informa que está todo controlado.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dña. Mar Blanco Casais**, para denunciar a existencia de goteiras no establo de Sabucedo onde se gardan os cabalos, provocadas polos canlóns que están atascados, polo que prega que se arranxe este problema.

En relación coas goteiras existentes no Xulgado nº 2, prega que se arranxen canto antes pola situación en que está traballando o persoal e tamén para evitar males maiores.

Traslada a reclamación dos veciños e veciñas de Fontenlo- Couso para que se faga unha reparación co fin de evitar a balsa de auga que se produce á altura das vivendas números 6 e 8.

Pregunta se a viaxe que fixeron o Alcalde e dous concelleiros máis a Arxentina se financiou con cartos do Concello.

O **Sr. Alcalde** contesta, en relación coas goteiras do Xulgado nº 2, que estiveron dous técnicos revisando esa instalación para iniciar os traballos de reparación da cuberta do edificio, algo difícil de facer cando hai xente traballando alí, pero están barallándose distintas alternativas.

Sobre o establo de Sabucedo enviarase alí aos técnicos para arranxar esta instalación.

No referente á viaxe a Arxentina, esta foi moi produtiva e chea de actos, informando que a situación da poboación é moi difícil e complexa habendo moita emigración procedente da Estrada. Pide que conste nesta acta o recoñecemento da Estrada ao traballo e á labor do pobo emigrante de máis de oitenta anos nese país e que, grazas a eles, debemos moitas das nosas infraestruturas grazas á reversión de parte dos seus aforros para o noso concello, creando escolas, centros



sociais, etc.; por iso temos unha débeda con eles demostrando o noso apoio agora que están a vivir unha situación precaria e moi difícil. Aclara que a viaxe foi oficial en base a unha axenda tamén oficial e que tiña como fin representar ao noso Concello diante dos veciños e veciñas na Arxentina, aínda así, todos os gastos derivados foron pagados para cada un dos que foron, do seus propios petos.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros e concelleiras presentes nesta sesión o **Sr. Alcalde** pregunta, en aplicación do Regulamento de Participación Cidadá, ao público asistente se queren formular algunha pregunta ou rogo, en aplicación do Regulamento de Participación Cidadá, previa identificación co respectivo DNI.

Pide a palabra **Dna. Balbina Martínez Ramallal** [REDACTED]....

Antes da súa intervención o **Sr. Alcalde** lle di que sabe que foi a escoitar os audios dunha acta plenaria comprobando que o transcrito nela non era falso e que se correspondía co dito por ela literalmente, así que debería de rectificar as súas palabras e queixas cando poñía en dúbida a competencia da Sra. Secretaria.

A **Sra. Balbina Martínez** aclara que xa pediu perdón.

O **Sr. Alcalde** considera que debería pedir perdón publicamente, porque cuestionar a profesionalidade dunha persoa desta casa é grave.

Continúa a **Sra. Martínez Ramallal** dicindo que o helicóptero ten problemas cando hai vento por culpa dos cables, sabendo que se fixo un escrito fai oito meses (non sabe onde se presentou), polo que lle pide ao Alcalde que se interese sobre isto.

O **Sr. Alcalde** lle contestación que terá en conta esta aportación.

A **Sra. Martínez Ramallal** di que na saída, dirección a unhas fincas, do aparcamento da Avenida de Pontearreas hai un socavón moi importante que se debe de arranxar.

O **Sr. Alcalde** di que se revisará.

Continúa a **Sra. Martínez Ramallal** informando que o contedor sito no Centro de



Saúde cando fai moito vento anda tirado pola rúa coa conseguinte caída das bolsas de lixo, polo que prega que se lle poña algo que o sosteña e evite o seu desprazamento.

En canto ao aparcamento dos camións, di que un problema que se trae ano tras ano ao pleno e sen embargo non se soluciona, preguntando cando se vai a solucionar este tema.

Pide a palabra **D. Ángel Amor Bergueiro González** [REDACTED] quen informa que ven en representación da Asociación de Veciños da Avenida de Santiago para trasladar catro peticións:

1º.- Que se arranxen catro farolas fundidas.

2º.- Que se solucione o problema existente e que dificulta a saída dos garaxes porque, a pesares da existencia de liñas amarelas, os vehículos non as respectan, polo que solicita máis presenza policial e, incluso, a colocación de boloardos. Di que xa se falou coa Policía Local a cal lles dá a razón pero non poñen solución.

3º.- Di que moitos vehículos aparcan enriba do paso de peóns existentes fronte ao CEIP de Figueroa dificultando o paso de persoas co risco que iso supón, polo que pide que se poña algún tipo de boloardo ou outra medida que impida o acceso do coches a ese pas.

4º.- Pregunta se sabe algo con respecto ao parque de Figueroa, se se vai a arranxar ou facer outra tipo de actuación.

O **Sr. Alcalde** responde que é coñecedor de todas esas cuestións que afectan á Avenida de Santiago, de feito estes últimos meses fíxéronse varias actuacións de mellora da seguridade viaria nesa zona, colocándose boloardos en base a un informe da Policía Local, así que que as actuación vanse executando segundo os criterios fixados por este servizo, de feito todas as realizadas ata hoxe (pintado de saídas de garaxe, diante do colexio e paso de peóns) cumpren coas necesidades e demandas efectuadas polos veciños e veciñas desa zona.

En relación co parque infantil de Figueroa, di que se vai a facer unha actuación ao abeiro dun proxecto que se executará no ano 2024 para o mantemento das zonas verdes e xardíns, a cal será de ampliación ou mellora, segundo previa valoración e estudo.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que







se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

